




A AELG elixiuna Escritora na súa Terra e vostede elixiu Rianxo, que é a súa terra de adopción, non?

Levo 23 anos alí e hoxe é a miña terra, aínda que eu curiosamente non quero quedar enterrada alí, pero vivir, si. É unha terra que ten unha tradición literaria fortísima, sabe o que é un escritor, pero fáltalle unha escritora. Francamente dáme moitísima vergoña poñerme ao lado de Castelao, Dieste ou Manuel Antonio como escritora, pero creo que tamén cubro unha eiva como muller.

Impórtalle que lle pregunte onde lle gustaría que a enterrasen?

Onde nacín, porque quero ser enterrada cos meus pais, en Becerreá.

En Rianxo poñeránlle o seu nome a un espazo público, farán un monolito e plantarán unha árbore. Supoño poderá elixir a árbore. Cal será?

Un loureiro.

Por que?

Porque é unha árbore moi de alí. Temos en fronte, na illa de Cortegada, o loureiral máis bonito de Europa e porque é unha árbore

que ten moitas connotacións en toda a miña vida, é unha árbore sagrada na miña terra, onde non hai oliveiras, e logo porque é unha árbore gastronómica e eu dedico moitas páxinas á gastronomía.

Este premio recoñécelle a súa traxectoria literaria e tamén a súa defensa da cultura galega. E non debeu ser doado nos primeiros tempos...

Non era nada doado. Eu empecei a escribir en castelán, porque supoñía que non se podía escribir en galego. Tamén a dar escola en castelán, e iso tampouco se podía facer en galego, pero eu tampouco pensaba que iso era posíbel. Pero xa cando escribo o meu primeiro libro, moi influenciada por Juan Ramón Jiménez, que se publica en 1972, empecei a decatarme de que aquela poesía me gustaba, pero que eu non falaba así, así que caín na conta de que tiña que cambiar. Fixen uns cursos de galego en *La Voz de Galicia*, que traía un curso solto con leccións, e con axuda doutros amigos a distancia, desde entón escribín en galego -era o 73 ou 74- a pesar de que o tiña todo en contra.

O papel de seu pai foi fundamental na súa vida, non?

A xastrería de meu pai era

un ateneo. Era un home republicano, comunista, moi intelixente, que lera moito, pobre, pero sabía moitas cousas. Con el aprendía moitísimo, eu era a persoa na que el confiaba, mesmo para me contar os segredos da Guerra Civil. El poñíame de exemplo a Rosa de Luxemburgo, a Hildegart Carballeira, a Rosalía e a Victoria Kent, fun unha afortunada. Eu tiña unha dupla

Helena Villar Janeiro (Becerrera, 1940), poeta nunha casa de poetas, vén de ser recoñecida como Escritora na súa Terra pola Asociación de Escritores-as en Lingua Galega. E elixiu Rianxo como a terra que lle recoñecerá os seus méritos literarios e de defensa da cultura galega, a vila que a acolleu, cando foi vivir á Casa da Escola de Abuín na procura do mar e da tranquilidade. R. CASTRO TEXTO / EDUARDO CASTRO BAL FOTO

Helena Villar Janeiro, escritora

“EU NON SEI VER A VIDA SE NON É COS OLLOS DA ESCRITORA”

A MÚSICA, A SÚA OUTRA PAIXÓN

Helena Villar ten tesitura de soprano e canta zarzuelas. É a súa maior paixón e recoñece que “eu se volvo atrás elixiría ser música, non teño a máis mínima dúbida”.



Ser música era a ilusión da súa vida. Tiña tesitura de soprano, canta zarzuelas...

Eu debería ser unha soprano de bel canto. Teño unha tesitura amplísima, e unhas calidades fóra do común. Eu veño dunha familia de músicos, meu pai era acordeonista e sabía solfexo, e era barítono, eu cantaba con el. E querer facer unha carreira diso suporía marchar a Madrid e non o puiden facer. Cando tiven ocasión de facelo, xa tiña 28 anos e xa tiña

“A CULTURA NON HAI QUE REBAIXALA, PERO NON PODE ESTAR NUN PEDESTAL E QUE SÓ CATRO CHEGUEN A ELA”

me despediu ninguén, non me enviaron nin unha carta de despedida. Nunca tiven unha gratificación por nada, e, con todo, no da escrita estou recibindo cousas que eu non esperaba.

Con que proxectos anda agora?

Eu sigo colaborando con todo canto me poñen diante, e iso é un problema. Suso dime: “pero como tes tanta obra dispersa?” Procuo facer todos os días un *haiku* con imaxe, e ademais ten moitos seguidores, e este mundo das redes servíume para ver o difícil que é entender a literatura para os lectores. Cada vez éntame máis un sentido non elitista da cultura. A cultura non hai que rebaixala, pero non pode estar nun pedestal e que só catro cheguen a ela. Hai que irille axudando á xente a subir até aí. Non se pode montar unha arte que chegue a dous. Nese sentido está Rosalía aí, que a pode ler calquera. Agora tamén ando cun grupo de historias, ‘Da nena para a nena’, que é toda a miña infancia escrita dunha nena, que era eu, para outra nena, que é a miña neta. Ando tamén cun libro de poemas irados, e a miña poesía foi sempre moi ontolóxica, pero voume atrever.

Ira contra que?

Contra todo, hai que ter ira contra todo. Pero estou traballando en materia memorialista, non lle vou chamar memorias, porque non sei en que rematará, pero estou nesa liña. Se tes en conta que fun profesora, escritora e atendín a miña casa como unha señora máis, pois non sei de onde saquei o tempo, por moito que me axudara o meu home. Teño que dicir que eu sen el non tería seguido. Pero el foi a persoa que estivo aí sostendo. Eu débolle a el un apoio, un tesón e unha xenerosidade, que sempre digo que é o meu Murguía. E el dime, non andes dicindo iso. É o meu Murguía coa sorte pola miña banda de que é un home completo como compañeiro.

escola, unha escola libertaria na miña casa, e a pouca escola que tiven da sección feminina. A outra vertente é que miña nai era unha muller realista, tiña os pés na terra. A que posibilitou que eu estudara foi ela, pero quen me daba as ás para voar era el.

Durante unha época escribiu conxuntamente co seu marido e iso causoulle problemas.

Empecei soa con este libro en castelán e cando nos coñecemos díxome que lera ese libro meu, e sempre me di que namorou da persoa que había detrás dese libro. Logo casamos e acabamos escribindo xuntos catro libros, con moita fortuna –e tamén premios- para os dous, porque para nós era moi grato traballar xuntos. O que pasa é que eu me vin moi maltratada, non sei se como muller ou como persoa máis descoñecida, porque daquela o coñecido era el. Chegou un momento en que por cada premio que levabamos, por algunha esquina sempre saían felicitalo a el. Un alto personaxe do mundo das letras galegas díxolle: “todos sabemos quen pon os ladrillos na obra”. Foi moi duro para os dous. E decidimos parar de facelo porque puidemos acabar enfrontados sen querelo. Disto xa se queixaba Rosalía.

Vostede escribiu fundamentalmente poesía e literatura infantil e xuvenil. Ten dito que comezou a escribir LIX para ter material para os seus propios fillos.

Si, sendo bebé María. Formaba parte do que estabamos a facer, porque me encontrei nunha Compostela cun choque cultural: que cultura lle quería dar á nena e que cultura tiña para lle dar. Entón empecei a cantarlle arrollos. E un día díxome Suso: “xa que llas cantas, llas inventas e llas

“EU DÉBOLLE A EL [XESÚS RÁBADE, O SEU MARIDO] UN APOIO, UN TESÓN E UNHA XENEROSIDADE, QUE SEMPRE DIGO QUE É O MEU MURGUÍA”

traduces, por que non llas fas?” E empezamos aí a facerllas entre os dous. E fixémoslle un libro para ela, *O libro de María*. Aí empezou a miña dedicación a facer música e cancións para nenos. Despois o pai contáballes contos, pero como o facía de forma diferente cada vez e eles queríanos iguais, empezamos a escribírrellos.

Para vós non había distinción entre vida e obra. E de aí que definiras os teus propios fillos como “poemiñas de carne”.

Para nós a vida e a obra segue sendo un todo. Eu desenvolvín unha capacidade estraña e é que eu non sei ver a vida se non é cos ollos da escritora, e isto a min ocasioname problemas. Un drama meu persoal, estouno vendo desde o punto de vista dunha escritora, non me sei separar do papel. En todo vexo un relato, en todo vexo unha novela, aínda que non a desenvolva, e sobre todo coa poesía, porque eu síntome poeta por riba de todo.

Apenas fixo narrativa para adultos.

Teño moita pero está ciscada. É que eu teño moita obra solta. Non coidei a miña obra. Eu tiven dúas actividades paralelas: no ensino fun unha profesional moi destacada, co cal estiven traballando sempre en cousas punteiras. E, na miña aula, modestia aparte, creo que fun unha boa profesora. Pero ese bo currículo alterneino con outro, que era o de escritora. E se imos ser moi sinceros, cando unha das miñas dedicacións me defraudaba, polo que fose, e as dúas me defraudaron, centrábame na outra. Estes días, que ando facendo o esforzo de recompilar a miña obra, asústome, paréceme imposible ter escrito tanto. E toda esa narrativa anda por aí e, ás veces, xa é irrecuperábel, porque hai cousas en xornais ou en revistas que me custa moito volver encontrar.

escola e non quixen, pero polo menos pasoume por diante da vida unha oportunidade preciosa. Teño a satisfacción de que ese gusto se prolonga nun fillo. Pero eu se volvo atrás elixiría ser música, non teño a máis mínima dúbida.

Os vossos fillos herdaron as vosas paixóns.

Si, pero non é casual. Eu fun a primeira profesora de música que tiveron. Eu ensineilles música igual que lles ensinei a ler e a escribir, era normal que tiraran por aí. En canto ao mundo da literatura, el –que o segue menos- escribe e traduce poesía desde o inglés. E si, creo que a música del ten un punto de literatura tamén.

Agora, retirada da docencia, mantén dous blogs e desenvolve unha intensa actividade nas redes sociais.

Co blog *Galego na rede* estou moi contenta, porque ía cunha pretensión moi humilde, de corrixir o mal galego que vexo nas redes, pero tivo éxito de público, e mesmo a xente me manda os exercicios a min a corrixir a casa. Xa pensan que a xenerosidade é extremada. Todo canto eu fago é pedagogía. Eu sempre tiven as dúas profesións e a min marabállame que só me destaquen por unha, e que a outra pasase tan desapercibida, mesmo para a Administración, porque eu deixo feito moito, nin sequera